

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**ADOS INICIA O #RETO5000 NAS UNIVERSIDADES GALEGAS CO OBXECTIVO DE SUPERAR ÁS 3.913 DOAZÓNS DO PASADO CURSO ACADÉMICO**

- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue comeza esta semana a primeira fase da campaña de doazón de sangue nos sete campus galegos
- Outro dos grandes obxectivos desta iniciativa e achegar a doazón de medula ósea aos membros da comunidade universitaria

**Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021.-** A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) principia esta semana co chamado #reto5000, que ten por obxectivo superar a cifra das 5.000 doazóns de sangue nas Universidades Galegas. A primeira fase da campaña de doazón de sangue, que ADOS desenvolve grazas ao compromiso e colaboración das tres Universidades galegas, iniciase co reto de superar ás 3.913 doazóns acadadas no pasado curso académico, que estivo evidentemente condicionado pola crise sanitaria derivada da COVID-19.

Non obstante, ADOS quere agradecer e recoñecer a inestimable colaboración brindada por todos os membros da comunidade universitaria ao longo do último ano e medio, xa que, a pesar das dificultades ocasionadas pola pandemia, foi posible achegarse ata preto de 4.000 doazóns de sangue, reflexo da solidariedade das nosas universidades e que, ademais, rexistraron unha cifra de 1.126 novos doantes, o que permite garantir a renovación da base de doantes de Galicia, sendo este un dos obxectivos prioritarios nesta campaña que a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue desenvolve nas Universidades Galegas.

UNIVERSIDADE	DOAZÓNS CURSO 2019-2020	DOANTES NOVOS CURSO 2019-2020	DOAZÓNS CURSO 2020-2021	DOANTES NOVOS CURSO 2020-2021
<b>SANTIAGO</b>	1.184	456	<b>1.472</b>	<b>414</b>
<b>A CORUÑA</b>	1.074	391	<b>1.256</b>	<b>361</b>
<b>VIGO</b>	1.000	311	<b>1.158</b>	<b>351</b>
<b>TOTAL Universidade</b>	3.258	1.158	<b>3.913</b>	<b>1.126</b>

Debemos salientar ademais, que no pasado curso confirmouse a recuperación da participación en todos os campus universitarios, e, neste eido, destacar ao campus de Ferrol que, mesmo, superou as cifras previas á pandemia.

Para facilitar o acceso dos membros da comunidade universitaria, achegaranse as unidades móbiles de ADOS a todos os centros dos sete campus galegos, impartíndose charlas informativas e distribuindo información nas xornadas previas, para tentar incentivar á colaboración do estudiantado.

## Medula ósea

Para ADOS a campaña de doazón de sangue nas Universidades Galegas este ano ten un dobre obxectivo, ademais do antedito #reto5000, a Axencia está a promover unha importante campaña de promoción e sensibilización a prol da doazón de medula ósea no eido universitario, que vai desde impartir charlas informativas á distribución de información vencellada con este xesto solidario.

Lembrar que ADOS desenvolve, de forma permanente, distintas campañas de promoción da doazón e actividades en colaboración con diferentes asociacións relacionadas coa doazón transplante de proxenitores hematopoéticos, popularmente coñecido como medula ósea, co obxecto de mellorar a información que recibe a cidadanía e sensibilizar sobre a necesidade de contar cunha base de doantes axeitada. Neste eido, lembrar que, ao longo do presente curso académico, desenvolveranse actividades de carácter divulgativo e de promoción no eido universitario, co gallo de desenvolvemento da campaña de doazón nas Universidades galegas.

Os estudantes galegos e todos os membros da comunidade universitaria recibirán información sobre a doazón de medula ósea e desenvolveranse diferentes iniciativas encamiñadas a fomentar a inscrición de doantes no REDMO. Entre as accións programadas desde ADOS este ano, atópase a convocatoria dunha nova edición do Concurso Universitario de Curtametraxes relacionados coa doazón e ou transplante de medula ósea.

## Redes sociais

Para favorecer a información do colectivo universitario sobre os distintos xeitos de doazón, tanto de sangue como medula ósea ou órganos, ademais das canles tradicionais de comunicación cos cidadáns, ADOS está realizando un importante reforzo das súas redes sociais (Facebook, Instagram, Twitter e canle de Youtube), así como pon a disposición de toda a cidadanía a súa web [ados.sergas.gal](http://ados.sergas.gal).

Así mesmo, lembra que a Axencia pon a disposición de todos os doantes un teléfono gratuíto de información, 900 100 828, no que ademais, é posible solicitar cita previa para doar sangue tanto nas unidades móbiles como nos locais de doazón, para maior comodidade dos doantes.

## Sáudos do Gabinete de Comunicación da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue